



Eva Moreda

“Escribín (como narradora; a pesar de ter algúns poemas publicados, non me considero poeta) versións moi persoais do ciclo artúrico e da narrativa clásica; biografías inventadas coa historia ou a música como escusa; pseudorealismo máxico: realismo sen maxia, ou só cunha pouca, porque á maxia nunca me apeteceu renunciar completamente”. Así define na BVG a súa andaina como escritora Eva Moreda (A Veiga, Asturias, 1981), gañadora da última edición do Terra de Melide e do Narrativas Quentes. Non era a primeira vez que os xurados se fixaban nas súas obras. De feito, Moreda é unha desas creadoras ás que descubriron para os lectores os premios literarios, que recoñecen a súa prosa fresca, contemporánea, coidada e orixinal.

Torino

Nos seus dous últimos libros, *Organoloxía* e *A veiga é como un tempo distinto*, explora, respectivamente, o tema do erotismo e da emigración desde un punto de vista feminino. Mais é, se cadra, e segundo ela mesma ten explicado, o predominio da emoción o que relaciona estas dúas obras coas súas anteriores: como *O demo e o profundo mar azul*, (2003); *Breogán de Guisamonde, o cabaleiro da gaivota* (1997); *Singularis Domitilla* (2004) ou *O país das bestas* (2009). A autora, licenciada en Filoloxía Clásica e Musicoloxía, realiza na actualidade a súa tese de doutoramento na Universidade de Londres. Antes viviu en Galicia, en Alemaña e no norte de Italia, e os poemas que hoxe publica Revista das Letras son froito desa experiencia vivida en Torino, a cidade italiana.



Torino

A partir de febreiro vivín na Collina.

Era o barrio dos ricos, pero a min parecíame

que, ao cruzar o río e tirar cara arriba,

a cidade ía disolvéndose metro a metro ata ser só pegada e non cidade.

A miña rúa era a máis alta de todas; por enriba só había monte,

e alí, segundo dicían, a cidade disolvíase definitivamente e desaparecía,

aínda que iso ninguén tivera ocasión de comprobalo.

Pero nos autobuses que viñan de aló a xente falaba piamontés

e as paradas levaban nomes de rexións incompletas: Superga, Reaglie,

Revigliasco, Moriondo,

Castelvechchio.

Unha vez tiven que montar nun deles para ir á escola de Santa Margherita,

e vin que na Collina había estradas e había xente e había nenos.

Pero tamén había néboa, e concluíñ que non podía estar totalmente no mundo de verdade.

Estaban no mundo da Collina

que abandonei cando aínda non chegara a comprender nin un pouco.

Torino (II)

Unha noite de decembro, Torino nevou para min,

unha nevada desas que logo a xente lembra durante anos como a peor do século

mentres rin e lla contan aos netos e se senten orgullosos de ter estado aí para vivila.

Pero para iso aínda faltaba, e o día despois todos camiñabamos a modo polas rúas,

mirando de esguello os montonciños brillantes,

e cruzábamnos sorrisos tímidos, coma dicíndonos “Que sorte temos de estar vivos”.

Unha semana máis tarde, nunha rúa que non coñecía, atopei unha puñada de neve.

Era a única neve que quedaba en toda a cidade de Torino.

E desvieime cerimoniosamente para non pisar os restos do naufraxio.

Porque non ía ser eu quen enlodase a única neve que quedaba na cidade de Torino.

Torino (III)

Estaba chegando o Nadal

e de súpeto deume por viaxar fóra de Torino en autobús.

Entón viñeron Aosta, Bose, Malpensa. E Ivrea,

tamén Ivrea.

A metade das veces ía eu soa, na parte de atrás

e o condutor levaba posta unha radio que eu daquela aínda non entendía.

E descubrín que o Piamonte era plano coma nada que eu vira.

Piamonte significa “ao pé do monte”,

pero en realidade, por definición eran chairas inmensas.

Eu seguíaas co ollar ata que desaparecían de puro planas.

E a min parecíame increíble porque ata entón nunca experimentara na carne e nos ollos

a verdade irrefutable de que o plano é ilimitado.

E no centro, Torino. Polas noites volvía á cidade no autobús

e parecíame que era a única cidade que podía existir nunca

no medio do Piamonte plano ilimitado.

Torino (IV)

A ninguén lle parece evidente, pero o certo é que en Torino tamén podía haber cereixas.

Descubrino a noite dun día de tanta choiva

que non puidemos ir ao forte.

En vez diso pola noite fomos a Moncalieri.

Ou ao mellor era Trofarello, ou Barauda.

Só sei que estaba cara ao sur, deste lado da Collina;

hoxe non sabería situalo nun mapa.

Fomos catro ou cinco para aló. A festa parecía irreal.

Era o aniversario de alguén a quen eu nin sequera coñecía,

pero que me pareceu, rexo e barbado, un labrego rico do Piamonte.

Un personaxe secundario dunha comedia de costumes,

o fillo máis vello, sensato e bondadoso, non o máis novo, que ese namora de calquera.

El ía e viña e portábase con nós os descoñecidos

cunha cordialidade franca e seria.

Coma se nos debese a reverencia por virmos da cidade

para a súa pequena festa.

A casa era unha granxa, unha granxa do Piamonte.

E pasada a media noite saímos coller cereixas,

que sabían como a torta daquel aniversario ao que non fora invitada.

A ninguén lle parece evidente, pero o certo é que no Piamonte

tamén se dan as cereixas.

Pero había que saír cara ao sur de noite nos días de chuvia para dar con algunha.

